

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE OUTBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de outubro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DA CIDADE

1. ALCALDÍA.- Acórdase a aprobación do plan de emerxencias municipal.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a aprobación da licenza urbanística para rehabilitación edificio no Recanto do Miño, números 32 - 34, Antigo Hospital de San Miguel (exp. 2020/Y001/000189).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a única prórroga do contrato para a subministración de produtos de hixiene para as escolas infantís municipais "Serra de Outes" (lote 1) e "Gregorio Sanz" (lote 2), exp ref: 2023/C004/000028, dende o día 03-11-2024 ata 02-11-2025.

Tamén se acorda a desistencia do procedemento na contratación da realización de actividades extraescolares nos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Lugo, exp. ref. 2024-C003-000015.

Acórdase a adxudicación na contratación da obra de "Refuerzo de firme en la Avenida da Coruña. tramo Perpetuo Socorro-Illas Cíes." exp. ref. 2024-C002-000008.

Do mesmo xeito, acórdase a adxudicación na contratación do servizo de

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2413918026256459046.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-10-2024

coordinación do club de lectura da Biblioteca Municipal Isidro Novo, exp. ref. 2024-C003-000025.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da subministración de vestiario de uniformidade para a policía local de Lugo, exp. ref. 2024/C004/000007.

4. PERSOAL.- Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de encargado/a de mercados pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2020).

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases que rexerán o concurso para a provisión dos posto de xefe/a do servizo de contratación no Excmo. Concello de Lugo.

Tamén se acorda aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de praza de enxeñeiro/a de camiños pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OEP 2021).

Acórdase adiar a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de dúas prazas de delineante pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OEP 2021), para un mellor estudo.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase aprobar o informe proposta de aprobación das bases xerais reguladoras da subvención por incentivos á contratación dos alumnos traballadores do obradoiro dual de emprego arquivalugo - código de proxecto: 232410202.

Fóra da orde do día

- Acórdase a aprobación do Plan de autoprotección para as festas de San Froilán

2024.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.